

PiMAga 2024

BASES DO CONCURSO

Obxecto

O concurso PiMAga 2024 xorde coa finalidade de achegar as Matemáticas á sociedade dun xeito amigable, e para iso queremos promocionar e premiar distintas iniciativas e actividades que as/os docentes da nosa comunidade están a levar a cabo nas súas aulas.

As Matemáticas forman parte do noso día a día xa que están presentes nas pequenas accións da vida cotiá. Un fortalecemento da ensinanza das Ciencias Matemáticas é esencial para facer fronte aos desafíos que existen en ámbitos como o da intelixencia artificial, o cambio climático, a educación ou o desenvolvemento sostible.

Coincidindo co 14 de marzo, 3/14 en notación anglosaxoa, e catalogado como o Día Internacional das Matemáticas, o Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAga) convoca a primeira edición do concurso PiMAga.

Ámbito

A iniciativa está dirixida a docentes de todos os niveis educativos exercendo o seu labor na comunidade autónoma de Galicia.

Participación

As/os participantes deben de responder á seguinte cuestión: "*Que fas na túa aula para celebrar o Día Internacional das Matemáticas?*"

A resposta á pregunta deberá incluír un texto explicando a actividade ou proxecto realizado na aula, e poderá, a elección das/dos participantes, ir acompañado de calquera outro material adicional: imaxe, vídeo, infografía...

A participación levarase a cabo a través do correo electrónico citmaga@citmaga.gal, a onde as/os candidatas/os deberán enviar as súas propostas indicando o seu nome e apelidos, o nome do centro, o nivel educativo da aula na que se desenvolveu a proposta

e a explicación desta. Recordamos que neste envío pode achegarse calquera material adicional a elección das/dos participantes. Trala recepción do correo enviarase un correo electrónico de resposta confirmando a participación no concurso.

Prazo de presentación

Dende o 1 ao 31 de marzo do 2024 (ambos os dous inclusive).

Proceso de selección

Os criterios que se valorarán nas propostas son:

- Grao de execución/desenvolvemento
- Exposición e forma na que se presenta
- Orixinalidade

O xurado do concurso estará composto polos cinco integrantes da Comisión de Divulgación Científica do CITMAga: Miguel Brozos Vázquez, María Isabel Borrajo García, Laura López Paz, Marta Pérez Rodríguez e Miguel Picos Maiztegui.

A resolución farase pública ao longo do mes de abril do ano 2024 e as decisións e interpretacións do xurado serán inapelables.

Premios

O concurso consta dunha única categoría na que se outorgarán tres galardóns:

- 1º posto: calculadora científica e un lote de libros.
- 2º posto: calculadora científica e dous libros.
- 3º posto: calculadora científica e un libro.

Ademais as/os premiadas/os recibirán un lote de produtos do CITMAga, e todas as persoas participantes obterán un diploma acreditativo.

A relación de propostas premiadas comunicarase ás/aos galardoadas/os, e anunciarase na páxina *web*, no Boletín e nas redes sociais do CITMAga.

Lexislación

[Aceptación das bases](#)

A presentación de candidatura implica a aceptación das presentes bases.

[Dereitos de terceiros](#)

Se se utilizase calquera contido (imaxe, slogan, música etc.) propiedade de terceiros, as/os profesoras/es participantes deberán asegurarse de que están libres de dereitos ou que dispoñen dos correspondentes dereitos de imaxe/voz ou de propiedade intelectual coa extensión que resulte necesaria segundo os termos desta convocatoria.

Protección de datos

No presente concurso cumprirase co indicado na normativa legal vixente sobre protección de datos de carácter persoal.